LETRAS GALEGAS 2024
LUÍSA VILLALTA

Certame literario
"Haikus, palabras ingrávidas para un almanaque"

IES de Porto do Son

ÍNDICE

Introdución e agradecementos..…… 3

Premiados e finalistas……..……..…… 5

Haikus……...…….…… 11

Haikus 1º de ESO…… 12

Haikus 2º de ESO…… 16

Haikus 3º de ESO…… 20

Haikus 4º de ESO…… 25

Haikus 1º de bacharelato…….. 29

Introdución

Luísa Villalta (A Coruña, 1957-2004). Dedícaselle o Día das Letras Galegas de 2024. Se ben a crítica adoita achegala, en maior medida, á xeración dos 80 que á dos noventa, segundo Armando Requeixo "sería máis xusto desancorala deses límites tan constritivos e presentala como unha creadora da modernidade ou da fin de século ou do tránsito do milenio". Comeza a publicar nos 80. Desta etapa son *Música reservada* (1987), *O oco da palabra* (1986) e *Grial do sol perdido* (1985). Neses tempos pasa a combinar o seu traballo de profesora de lingua galega, coa música e a escrita. Dos 90 son os poemarios *Ruído* (1995), *Rota ao interior do ollo* (1995), *Soliloquio da serpe* (1998) e entra no novo século con *En concreto* (2004). Postumamente, con fotografías de Maribel Longueira, sae do prelo *Papagaio* (2006).

Armando Requeixo sinala como as principais "liñas de forza" da súa poética as seguintes:

- A música como elemento vertebrador temático e formal.
- A Coruña e Galicia únense nunha afirmación identitaria de pertenza a un pobo con historia e cultura de seu.
- A muller e a ollada de xénero. Loita contra a discriminación e o silenciamento polo patriarcado.
- A metapoética. Interrógase sobre o oficio de poeta e o sentido da escrita.

Luísa é tamén narradora, dramaturga, ensaísta, filóloga e violinista. De entre a súa ampla obra salientamos en

narrativa *As chaves do tempo* (2001); en teatro *O paseo das esfinxes* (1991); e en ensaio *Don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral* (1992), *Libro das colunas* (2005) e *O outro lado da música, a poesía* (1999).

En 2020 a Xunta de Galicia publica en edición facsimilar a obra inédita *As palabras ingrávidas,* un almanaque poético da casa portuguesa Assíro & Alvim no que Villalta estaba inmersa no ano 2004. Este recolle unha antoloxía de textos para os que a autora escribiu poemas dende o 1 de xaneiro ata o 26 de febreiro dese ano. É precisamente este libro tan singular o que inspira o certame literario "Haikus, palabras ingrávidas para un almanaque".

Nos poemas de Luísa Villalta que se reproducen na presente edición respectouse a súa escolla normativa.

Villalta, L. (2023). *Pensar é escuro. Poesía reunida (1991-2004).* Vigo. Galaxia. (Recompilación dirixida polo crítico literario Armando Requeixo, no marco da conmemoración do Día das Letras Galegas 2024 á autora.)

Agradecementos

A todas as persoas participantes.

Ao Equipo da Biblioteca, ao Equipo de Dinamización da Lingua Galega e ao Departamento de Lingua Galega e Literatura.

Ao xurado: Teresa Fernández Paz (Lingua Castelá e Literatura), Ana Pallares Leal (Grego e Latín) e Sandra Vilaseco Regueiro (Lingua Galega e Literatura).

Premiados e finalistas do Certame Literario

“Haikus, palabras ingrávidas para un almanaque”

1º de ESO

POSICIÓN	NOME E APELIDOS
1º PREMIO	César del Río Domínguez
2º PREMIO	Zoe Blanco Meléndez
FINALISTA	Alejandro Calo Vidal
FINALISTA	Antía Santos Valiño
FINALISTA	Lois Vidal Torres
FINALISTA	Claudia Juncosa Martínez
FINALISTA	Ainhoa Santos Bazarra
FINALISTA	Martín Sampedro Fernández
FINALISTA	Ainhoa Vidal Soldado

2º de ESO

POSICIÓN	NOME E APELIDOS
1º PREMIO	Noa Rodríguez Cortés
2º PREMIO	Lara Torres Seráns
FINALISTA	Irene Ferreiro Longueira
FINALISTA	Carolina Ínsua Queiruga
FINALISTA	Daniela Martínez Sampedro
FINALISTA	Manuel Olveira Tomé
FINALISTA	Roque Ly Pena Rey
FINALISTA	Xela Penalta González
FINALISTA	Melissa Santos Chang

3º de ESO

POSICIÓN	NOME E APELIDOS
1º PREMIO	María Santos Serantes
2º PREMIO	Uxía Botana García
FINALISTA	Yasmín Chouza Adele
FINALISTA	Óscar Ogando Blanco
FINALISTA	Karina Queiruga Groba
FINALISTA	Brais Queiruga Lojo
FINALISTA	Caetán Santos Tarela
FINALISTA	Sabela Suárez Tarrío
FINALISTA	Aitana Ventoso Armental

4º de ESO

POSICIÓN	NOME E APELIDOS
1º PREMIO	Marcela Filgueiras Cortón
2º PREMIO	Manuela Vázquez Cantariño
FINALISTA	Édgar Beiroa Cameán
FINALISTA	Sara Ben Pouso
FINALISTA	Noé Fajardo Sampedro
FINALISTA	Ana Lorenzo Santos
FINALISTA	Sarai Romay Maneiro
FINALISTA	Gabriel Sampedro Gude
FINALISTA	Kristopher Hernan Santander Casanova

1º de bacharelato

POSICIÓN	NOME E APELIDOS
1º PREMIO	Ainhoa Laranga Quiroga
2º PREMIO	Fabián Lado Queiruga
FINALISTA	Mateo Álvarez Melgar
FINALISTA	Alba Arufe Carou
FINALISTA	David Bolaños Olveira
FINALISTA	Marta Cánive Calvelo
FINALISTA	Laura Méndez Martínez
FINALISTA	Erea Oujo Vázquez
FINALISTA	Carla Torres Serantes

1º PREMIO HAIKUS 1º DE ESO

Cabeza libre.
Dona do meu destino.
Son eu, Luísa.

Cabeza libre.
Fábrica de destinos.
Son poesía.

César del Río Domínguez

A partir do poema

Non teño outro corpo que un destino
por min libremente imaxinado,
nen teño outra alma que o consolo
de ser o sen-min que me concibo.

Fortuna é, ao fin, de toda vida
figurar-se unha historia sen destino.

Música reservada, Luísa Villalta.



2º PREMIO HAIKUS 1º DE ESO

Infatigábel
demórase o mundo
despedazado.

Zoe Blanco Meléndez

A partir do poema

Cando o mundo, infatigábel, se demora
en cada ocaso desexante,
temeroso do final recomezado,
os corpos son nostálxias atrevidadas
dun antigo ser despedazado.

E o ar, un só, recapitula.

O oco da palabra, Luísa Villalta.

FINALISTAS HAIKUS 1º DE ESO

O ritmo escuro
que ten Luísa, rompe
os meus sentidos.

Alejandro Calo Vidal, a partir do poema de Luísa Villalta
"E o meio do camiño será un verso" de *O oco da palabra*.

Deste camiño
este verso escapa
daquelas páxinas.

Claudia Juncosa Martínez, a partir do poema de Luísa Villalta
"E o meio do camiño será un verso" de *O oco da palabra*.

Silencio é
cando a noite veña
en ausencia.

Martín Sampedro Fernández, a partir do poema de Luísa Villalta
"E ficaremos sós" de *Grial do sol perdido*.

Deixo a cidade
abandonada atrás
para non voltar.

Ainhoa Santos Bazarra, a partir do poema de Luísa Villalta
"Viaxe" de *En concreto*.

FINALISTAS HAIKUS 1º DE ESO

O mar estenso
co seu eco interminábel
e a auga rítmica.

Antía Santos Valiño, a partir do poema de Luísa Villalta
"Tinta do mar, escrebo, cando toca" de *Música reservada*.

Na nosa luz
o ceo ilumina
o mal ausente.

Ainhoa Vidal Soldado, a partir do poema de Luísa Villalta
"Detrás da poesia" de *Grial do sol perdido*.

O pensamento
dános a esperanza.
Sempre está ben.

Lois Vidal Torres, a partir do poema de Luísa Villalta
"Para a única verdade sen memória" de *Grial do sol perdido*.



1º PREMIO HAIKUS 2º DE ESO

Susurra o vento
e prepáranse as nubes,
mentres chora o ceo.

Noa Rodríguez Cortés

A partir do poema

Detrás da poesia
a sombra
que sustenta o día.

Entre a luz e o corpo
dista o aroma
dunha sombra pura
que é o siléncio.

Detrás do sol sonoro,
nun eco escuro,
confunde-se a lembranza
co esquecimento
soando en mil murmúrios
esfumeados
entre o pó e o vento.

Detrás da poesia
a auséncia
que sustenta a vida.

Grial do sol perdido, Luísa Villalta.

2º PREMIO HAIKUS 2º DE ESO

Alma ferida.
Saudade de bicos.
Estou doente.

Lara Torres Seráns

A partir do poema

Entanto a hora do siléncio
consome este dia imóvel,
quen soña en min con tanto ruído?
Quen me viaxa desde tan dentro
que xeme na procura das palabras?

O mar
chama con riso desdentado
ao espectáculo da noite
rítmica que me vive.

Doi e doerá-me
o seu son até o estrépito
mais que non pare:
entre cada lalido que dilata
entrevé-se a eternidade.

Grial do sol perdido, Luísa Villalta.

FINALISTAS HAIKUS 2º DE ESO

Eu voute facer
cos meus aloumiños
esquecer todo.

Carolina Insua Queiruga, a partir do poema de Luísa Villalta
"A páxina que nunca será escrita" de *O oco na palabra.*

Non me esquecerei
desa nena que cortou
o que a rompía.

Irene Ferreiro Longueira, a partir do poema de Luísa Villalta
"Esa son eu" de *En concreto.*

Ollo para o mar.
Entre o luso e o fusco,
luz da mañá.

Daniela Martínez Sampedro, a partir do poema de Luísa Villalta
"No cristal opaco" de *Grial do sol perdido.*

Baten nas pedras,
auga de mar ben vivo,
goteiras frías.

Manuel Olveira Tomé a partir do poema de Luísa Villalta
"Tinta do mar, escrebo, cando toca" de *Música reservada.*

FINALISTAS HAIKUS 2º DE ESO

Non teño corpo.
A fortuna e o fin
dunha historia.

Xela Penalta González, a partir do poema de Luísa Villalta
"Non teño outro corpo que o destino" de *Música reservada*.

Deixei o meu fogar,
esquecín o regreso
da propia vida.

Roque Ly Pena Rey, a partir do poema de Luísa Villalta
"Viaxe" de *En concreto*.

Recordos baleiros.
Lembranzas do pasado.
Terra esquecida.

Melissa Santos Chang, a partir do poema de Luísa Villalta
"Sentir é escorrer o próprio peso" de *O oco da palabra*.

1º PREMIO HAIKUS 3º DE ESO

Co teu sorriso
asumía derrotas,
facía vida.

María Santos Serantes

A partir do poema

Querer, quereria saber rir
como sei que soubo rir aquela deusa
e sair a mirar aquela vida
que criu ela mesma co seu riso.

E xogar este xogo sen nostálxia
dos tambores no campo da batalla,
e, chegado o momento da derrota,
gañar asumindo as duas xogadas.

Grial do sol perdido, Luísa Villalta.

2º PREMIO HAIKUS 3º DE ESO

Cando alumea
marchas ti, negro ceo,
e podo falar.

Uxía Botana García

A partir do poema

No cristal opaco
que a noite deita
para diante
ondea
o lenzo branco
da alma muda.

Eu son a escuridade
e asoma a lua.

Grial do sol perdido, Luísa Villalta.

FINALISTAS HAIKUS 3º DE ESO

Un temor bate,
unha estrela guiábame
dende o meu ar.

Yasmine Chouza Adele, a partir do poema de Luísa Villalta
"Dun paso a outro" de *O oco na palabra.*

O abismo nos pés,
estrelas que me guían,
un ar nos dentes.

Karina Queiruga Groba, a partir do poema de Luísa Villalta
"Dun paso a outro" de *O oco na palabra.*

Sen ser escrita
a aurora da lembranza
un eco aniña.

Nunca escrita,
dilata como a aurora
no oco da palabra.

Brais Queiruga Lojo, a partir do poema de Luísa Villalta
"A páxina que nunca será escrita" de *O oco da palabra.*

FINALISTAS HAIKUS 3º DE ESO

O tempo pasa
escuro como os soños
que eu sinto.

Óscar Ogango Blanco, a partir do poema de Luísa Villalta
"O tempo inventará a melodía" de *Música reservada*.

Con tan só un paso
unha nova partida
volve a empezar.

Caetán Santos Tarela, a partir do poema de Luísa Villalta
"Dun paso a outro" de *O oco na palabra*.

Figurar ser
o quen que me concibo
por toda a vida.

Sabela Suárez Tarrío, a partir do poema de Luísa Villalta
"Non teño outro corpo que un destino" de *Música reservada*.

FINALISTAS HAIKUS 3º DE ESO

Son e silencio
en cada pensamento.
Son música.

O pensamento
é froito do tempo
na existencia.

Aitana Ventoso Armental, a partir do poema de Luísa Villalta
"Para a única verdade sen memória" de *Grial do sol perdido.*

1º PREMIO HAIKUS 4º DE ESO

Somos o nome
perdido no silencio
INEXISTENTE.

Marcela Filgueiras Cortón

A partir do poema

Somos o doce fio que o siléncio outorga
desde a sua imensidade solitária
como réplica incesante do seu nome
impronunciado por orixe e por verdade.

As cores son aos ollos vermes de algo
descomposto para a vida diluir-se,
como un rio, si, pero caindo
en si mesmo, sempre, e retornando.

Resplandores do siléncio son as sombras
onde afogan as auséncias dos seus gritos,
onde os ollos nada ven, nada se ouve.

Somos voces, moitas voces diferentes
a cantar o mesmo instante que se perde
no rio en que se esquece todo nome.

Música reservada, Luísa Villalta.

2º PREMIO HAIKUS 4º DE ESO

Sen rumbo fixo,
a multitude rota
sangra e chora.

Manuela Vázquez Cantariño

A partir do poema

VEXAMOS de poñer orde nas cousas.
O pasado está coberto de flores no campo de batalla
e á nosa soedade sangran-lle os pés na imensidade
buscando palabras de aluguer para render-se.
Volve a descer, militarmente, cara á água a multitude,
unha, pero rota, indivisibelmente estraña, inabarcábel.
As palabras, baratas, escoitan-se andar entre si mesmas:
Non hai mais que escrebé-las como história
na orde en que nos van caíndo sobre a mesa.

Ruído, Luísa Villalta.

FINALISTAS HAIKUS 4º DE ESO

Noite opaca
na que se pode ver
todo e nada.

Édgar Beiroa Cameán, a partir do poema de Luísa Villalta
"No cristal opaco" de *Grial do sol perdido*.

Ter que esquecer,
olvida-los recordos:
iso é vivir.

Sara Ben Pouso, a partir do poema de Luísa Villalta
"Viver é olvidar, non dar por nada" de *O oco da palabra*.

Soño real
pausado desta sombra
sobre un río.

Noé Fajardo Sampedro, a partir do poema de Luísa Villalta
"Isto" de *En concreto*.

Eu penso niso,
transcorrer a orixe
do noso mundo.

Ana Lorenzo Santos, a partir do poema de Luísa Villalta
"Entender ou viver?" de *Ruído*.

FINALISTAS HAIKUS 4º DE ESO

Non sabe o ser,
ser humano, querer,
apreciar, vivir.

Sarai Romay Maneiro, a partir do poema de Luísa Villalta "A escada vacia" de *Ruído*.

Sol en ocaso,
sombra que se alonga lenta,
a noite asoma.

Gabriel Sampedro Gude, a partir do poema de Luísa Villalta "Cando o mundo, infatigábel, se demora" de *O oco da palabra*.

Terra durmida,
murmura o vento cálido.
Vida en espera.

Kristopher Hernan Santander Casanova, a partir do poema de Luísa Villalta "Poema cíclico para soprano e cuarteto de corda" de *Grial do sol perdido*.

1º PREMIO HAIKUS 1º DE BACHARELATO

Páxinas brancas
con sonos sen sentido.
Silencio eterno.

Ainhoa Laranga Quiroga

A partir do poema

Cando o mundo, infaligábel, se demora
en cada ocaso desexante,
temeroso do final recomezado,
os corpos son nostálxias atrevidas
dun antigo ser despedazado.
E o ar, un só, recapitula.

O oco da palabra, Luísa Villalta.

2º PREMIO HAIKUS 1º DE BACHARELATO

Mundo brillante
que se mece na noite
para olvidar.

Fabián Lado Queiruga

A partir do poema

Viaxe

DEIXO a Cidade, deixo a casa abandonada á mente
e eu mesma líbrome do costume imutábel de min
e xa non coñezo nen gardo a porta e son estraña
como se tivese de morrer na primeira xuventude
que deixou tan intactas as paixóns.

Deixei a Cidade olvidada en instantes olvividos
pasa a paso terei de penelopetecer o tecido do regreso
tela sutil do espírito noiva non convencida
arañeira que chegarei a tender cos fiaños viaxeiros
centro móvil que retorna na única dirección da miña propria vida.

En concreto, Luísa Villalta.



FINALISTAS HAIKUS 1º DE BACHARELATO

Cidade gris,
neboeiro no ceo,
paz no camiño.

Mateo Álvarez Melgar, a partir do poema de Luísa Villalta
"Viaxe" de *En concreto*.

As miñas rúas,
ao lonxe a miña casa
co mar de fondo.

No paraíso,
cando me ilumina el,
A Coruña é.

Alba Arufe Carou, a partir do poema de Luísa Villalta
"Antiquísima" de *En concreto*.

Libre son dunha
historia sen destino,
a miña vida.

Fortuna é
imaxinar o mundo,
sentir coa alma.

David Bolaños Olveira, a partir do poema de Luísa Villalta
"Non teño outro corpo que un destino" de *Música reservada*.

FINALISTAS HAIKUS 1º DE BACHARELATO

A miña chave.
Deixástesme cos soños
rotos coma min.

Marta Cánive Calvelo, a partir do poema de Luísa Villalta
"Para todas as portas valía" de *Papagaio.*

A lúa mingua,
vai dicindo unha nova.
A noite chega.

A luz apágase,
momento no que alí estou
ao teu carón.

Laura Méndez Martínez, a partir do poema de Luísa Villalta
"No cristal opaco" de *Grial do sol perdido.*

Muro de sombra,
pensar trae escuridade,
lonxe está o sol.

Erea Oujo Vázquez, a partir do poema de Luísa Villalta
"Pensar é escuro" de *Grial do sol perdido.*

FINALISTAS HAIKUS 1º DE BACHARELATO

Rozando o ceo
ve medrar a cidade
marcando a hora.

Carla Torres Serantes, a partir do poema de Luísa Villalta
"Obelisco" de *En concreto*.

A páxina que nunca será escrita
está ante min, detrás e se dilata
como a aurora ilimitada da lembranza:
no oco da palabra un eco aniña.

O oco da palabra, Luísa Villalta.

Bibliotecas escolares de Galicia

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

IES DE PORTO DO SON